

## CONVOCATORIA MEDIOS

**Evento:** Presentación de Resultado do Convenio Colaboración Real Sociedad Matemática Española, Editorial FIZ Karlsruhe, D.X. Ordenación e Innovación Educativa e Centro de Supercomputación de Galicia

**Día:** Venres, 13 de xaneiro de 2006

**Hora:** 12:00 h.

**Lugar:** Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA)  
Avda. de Vigo, s/n  
15705 Santiago de Compostela

### **Máis de cen mil referencias bibliográficas contribuirán á mellora do ensino secundario en matemáticas**

A Real Sociedad Matemática Española, a editorial alemana FIZ Karlsruhe, a Consellería de Educación e o Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA) presentarán mañá, venres 13 de xaneiro, o resultado dun convenio de colaboración, en virtude do cal profesores de secundaria de toda Galicia, ademais da comunidade universitaria e investigadora galega, poderán ter acceso gratuito a máis de 100.000 referencias bibliográficas do campo das matemáticas en todo o mundo, a través da base de datos MATHDI.

Esta base de datos, versión electrónica da prestixiosa revista alemana ZDM (*Zentralblatt für Didaktik der Mathematik- Publicación especializada na didáctica das matemáticas*), inclúe referencias das revistas más destacadas de educación matemática publicadas en todo o mundo dende 1976 ata a actualidade, así como índices e resumos dos artigo incorporados.

O obxectivo do convenio, a través do cal o CESGA xestionará o acceso e o mantemento da base de datos, consistirá no reforzamento do ensino e do I+D+i, o desenvolvemento e a aplicación na sociedade galega das matemáticas, unha das materias con maior índice de fracaso escolar.

Nesta presentación participarán o presidente do CESGA e director xeral de I+D+i, Salustiano Mato de la Iglesia, o director xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, Antonio Vázquez Vázquez e o Presidente da Real Sociedad Matemática Española, Carlos Andradas Heranz.